

**Expediente núm.:** 1127/2024

## **BASES POLAS QUE SE REGULA A PARTICIPACIÓN NA CABALGATA DE REIS DO ANO 2025, ORGANIZADA POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR.**

### **BASES**

#### **1.- Obxecto da convocatoria.**

O Concello de Soutomaíor co obxectivo de regular a participación na Cabalgata de Reis Magos de 2025, establece as seguintes Bases, nas que se indican as condicións de participación e funcionamento para que as entidades interesadas en formar parte da dinamización sociocultural deste evento poidan inscribirse.

#### **2.- Data e horarios.**

A Cabalgata de Reis realizarase o 5 de xaneiro de 2025 ás 17.30 h co seguinte itinerario: Rúa Calvario, Avda. Xosé Solla e Rúa Rosalía de Castro para rematar na Alameda de Talo Río (Arcade), onde terá lugar a recepción real. No caso de haber cambios comunicarse coa suficiente antelación ás persoas seleccionadas.

#### **3.- Consideracións xerais.**

As **carrozas reais con grupo** serán aquelas estruturas móbiles que porten aos Reis e paxes e ao seu grupo de animación. A efecto de premios considerase unha única unidade a carroza máis o seu grupo de animación acompañante.

Os **grupos sen carroza** serán aqueles que non leven estruturas móbiles e estean formadas por persoas que desfilan a pe.

As carrozas reais e os grupos sen carroza concentraranse na Rúa Calvario, no punto indicado pola organización. A participación na Cabalgata de Reis desenvolverase coordinadamente e seguindo as instrucións do Concello de Soutomaíor.

A **temática do evento** será a fantasía e a ilusión, tendo en conta que o público destinatario desta actividade é o infantil/familiar, polo tanto, presentarase unha proposta acorde e téndose en conta durante as animacións que se trata dunha Cabalgata de Reis e non doutro tipo de desfile.

O Concello como organizador establecerá:

- a) cales serán carrozas reais e grupos seleccionados para o desfile,
- b) a distribución das Súas Maxestades Reais en cada carroza,
- c) a orde de colocación para o desfile das carrozas e como se intercalarán os grupos sen carroza.

O Concello de Soutomaíor asinará un documento con cada entidade seleccionada para participar, no que ambas partes se comprometen a respectar ás normas establecidas nestas Bases.

#### **4.- Número de participantes.**

Entre todas as solicitudes presentadas o Concello de Soutomaior seleccionará cinco (5) propostas do seguinte xeito:

- **Tres carrozas reais**, acompañadas polo seu propio grupo, e que portarán a cadansúa maxestade e paxe (facilitados polo Concello). Neste caso o mínimo de persoas do grupo é de 15 e o máximo de 40.
- **Dous grupos sen carroza** que encabezarán ou pecharán o desfile como animación independente das carrozas reais. Neste caso o mínimo de persoas do grupo é de 15 e o máximo de 40.

#### **5.- Beneficiarios/as e obrigas xerais.**

Serán susceptibles de obter os premios regulados nestas Bases as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro que poidan levar a cabo as actividades ou proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión destes premios, que participen na Cabalgata de Reis 2025 e cumpran os seguintes requisitos:

As persoas físicas ou xurídicas participantes deben axustarse aos seguintes **requisitos**:

- As carrozas reais e grupos sen carroza confeccionaranse en base a motivos do Nadal, con fantasías e contos infantís, previa presentación dun proxecto técnico segundo o modelo anexo correspondente das Bases.
- Disporán dun vehículo de motor con condutor/a para trasladar as carrozas tanto ao lugar de concentración da Cabalgata como ao lugar de orixe cando remate, e para conducir a carroza durante a Cabalgata. Os vehículos de motor deben contar cos permisos de circulación, de inspección técnica, en vigor, así como os seguros correspondentes. As persoas condutoras dos vehículos de motor deben contar co permiso de condución oportuno, en vigor, para cada vehículo.
- As carrozas deben levar un xerador necesario para o funcionamento dos equipos de luz e son da carroza. Protexer da humidade da choiva todos os medios técnicos necesarios para o desfile da carroza (xeradores, equipos de son, luz, cabreado, etcétera). Deben instalarse de forma que garantan a seguridade do público e das persoas participantes a maiores de asegurarse o seu funcionamento en caso de condicións atmosféricas adversas. Todos estes medios técnicos deben ir integrados no decorado da carroza. As carrozas e os vehículos participantes deben estar provistos de extintores.
- Todas as carrozas e vehículos autorizados deben estar protexidos con material ríxido, desde a plataforma ata 10 centímetros do chan, a fin de evitar accidentes.
- Os equipos de música para ambientar musicalmente a carroza, non poderán superar en ningún caso os 100 w. de potencia. A música que se poña desde a carroza deberá ser do Nadal e/ou dirixida a público familiar e estar en consonancia coas datas nas que se celebra a Cabalgata. Respectarase o tramo silencioso indicado pola organización.

- Todas as carrozas deben levar persoal de acompañamento a pe para garantir a seguridade de tripulantes e de terceiras persoas, cun mínimo de 4 persoas de acompañamento por carroza (2 persoas por cada lateral).
- O número de ocupantes da carroza participante debe axustarse á capacidade e ás características técnicas de cada vehículo. Ter en conta que en cada carroza vai a ir un Rei e un/unha Paxe, persoas das cales se encarga o Concello.
- Todas as persoas ocupantes dos vehículos participantes, así como as persoas acompañantes, deben ir disfrazadas de acordo coa temática e coa filosofía do evento.
- Ter a disposición do Concello, no suposto de que fora necesario, unha autorización de pais/nais/titores para a participación de menores na Cabalgata de Reis.
- Evitarase lanzar caramelos con forza cara o público para evitar posibles feridas, como tampouco preto de carrozas - vehículos que desfilan para evitar que o público invada a calzada, co conseguinte perigo que isto pode supor para nenos e nenas.
- Os caramelos a repartir serán facilitados polo Concello de Soutomaíor. No caso de repartir caramelos propios, dispor dun certificado conforme estes son aptos para persoas celíacas e presentalo no antes da saída.
- No caso de ser unha asociación atoparse debidamente inscritas no rexistro de asociacións.

As entidades asumirán o compromiso de cumprir todas estas condicións mediante unha declaración responsable (ver anexo).

#### **6.- Procedemento de inscrición, documentación e prazo de inscrición.**

A inscrición será de balde e realizarase a través da Sede Electrónica do Concello de Soutomaíor <https://soutomaíor.sedelectronica.es/info.0>

Prazo de inscrición desde a súa publicación na WEB do Concello **ata o 21 de outubro de 2024 ás 14 h.**

#### **Documentación a presentar:**

\_ Solicitude de inscrición cuberta, segundo o modelo Anexo 1.

\_ Proxecto artístico, segundo o modelo Anexo 2.

\_Copia do DNI persoa representante e no caso de asociacións tamén copia do CIF.

\_Certificado de conta bancaria.

\_Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatal, autonómica, seguridade social e co Concello de Soutomaíor e de contar con todos os seguros necesarios.

**IMPORTANTE: a solicitude de inscrición e o proxecto artístico presentado serán obrigatorios** e no caso de que non se cumprimenten correctamente a

Comisión poderá determinar a súa exclusión.

Para calquera dúbida ou aclaración poden enviar un correo a [omix@soutomaior.gal](mailto:omix@soutomaior.gal) ou ben chamar ás Oficinas Xerais do Concello 986 705 106 ou enviar unha mensaxe de WhatsApp á OMIX neste número 638 822 868 para que nos poñamos en contacto.

## **7.- Crédito orzamentario e premios.**

Destínase o crédito estipulado no Orzamento municipal correspondente para o desenvolvemento destas Bases imputado á partida **3382.22609** para os premios polo importe total de **7.400,00€**

### **PREMIOS**

Os premios a quen presente a proposta que obteña maior puntuación serán:

- **Categoría: carrozas reais con grupo** coas seguintes cantidades:

- Premio: 2.000€
- Premio: 2.000€
- Premio: 2.000€

\*Só se seleccionarán tres en total.

- **Categoría: grupos sen carroza** coas seguintes cantidades:

- Premio: 700€
- Premio: 700€

\*Só se seleccionarán dúas en total.

## **8.- Criterios de valoración.**

O Concello de Soutomaior para velar polo cumprimento e interpretación das presentes Bases creará unha Comisión de valoración que estará composta por como mínimo tres persoas designadas polo Concello de Soutomaior (persoal técnico da área, persoal administrativo e persoal de seguridade).

Conforme aos proxectos presentados polas Asociacións e entidades e dado que o número máximo de participación será limitado a Comisión seleccionará ás entidades que participarán na Cabalgata que obteñan máis puntuación no proxecto artístico presentado, atendendo aos seguintes criterios de valoración estipulados nas Bases:

**Criterios para carrozas con grupo.** \*Neste caso a puntuación máxima a alcanzar será de 100 puntos.

Adecuación da temática á Cabalgata de Reis (valores que transmite, mensaxe..).	Ata 25 puntos
Calidade artística da proposta (deseño de elementos de decoración, materias, deseño de traxes e complementos, colorido, espectacularidade, orixinalidade da idea, melloras que se establecen, ...).	Ata 30 puntos.

Iluminación, música, equipo de son para a animación durante o desfile.	Ata 20 puntos
Viabilidade técnica da proposta. Recursos e capacidade para desenvolver a proposta presentada (currículo da asociación e motivación).	Ata 3 puntos
Organización e distribución de espazos (para o Rei, Paxe, grupo de acompañantes - personaxes de animación...)	Ata 4 puntos.
Medidas de seguridade da carroza.	Ata 10 puntos.
Incorporación de accións ou medidas inclusivas e de sensibilización	Ata 2 puntos
Residencia ou domicilio social -fiscal no concello de Soutomaioir Acreditar a relación ou arraigo co municipio de Soutomaioir e o seu impacto e repercusión.	Ata 6 puntos.

**Criterios para grupos sen carrozas.** \*neste caso a puntuación máxima a alcanzar será de 75 puntos.

Adecuación da temática á Cabalgata de Reis (valores que transmite, mensaxe..).	Ata 25 puntos
Calidade artística da proposta (vestiario, complementos, maquillaxes, colorido, espectacularidade, orixinalidade da idea, melloras que se establecen...).	Ata 30 puntos.
Animación durante o desfile (Música en directo, baile).	Ata 10 puntos
Viabilidade técnica da proposta. Recursos e capacidade para desenvolver a proposta presentada (currículo da asociación e motivación).	Ata 2 puntos
Incorporación de accións ou medidas inclusivas e de sensibilización	Ata 2 puntos
Residencia ou domicilio social -fiscal no concello de Soutomaioir Acreditar a relación ou arraigo co municipio de Soutomaioir e o seu impacto e repercusión.	Ata 6 puntos.

Publicarase a lista de admisión coa puntuación obtida e tamén, a lista de agarda (si procede) en [www.soutomaioir.gal](http://www.soutomaioir.gal)

### **Importante:**

Si a Comisión determina que algunha das propostas seleccionadas debe introducir algunha modificación artística ou técnica, sempre que non afecte á puntuación global, establecerase un prazo de 10 días naturais para enviar as modificacións.

No suposto de que algunha das propostas seleccionadas renunciara a participar na Cabalgata ou non presentara a documentación requirida, ocuparía o seu lugar a proposta seguinte, atendendo á orden de puntuación establecida. A orde

no desfile establecerase tendo en conta as características da proposta, dando preferencia ás que maior puntuación obtiveran para a asignación de cada Rei Mago.

As decisións da Comisión de valoración serán inapelables.

### **9.- Publicación da lista de admisión.**

A lista de comparsas admitidas publicarase na web municipal [www.soutomaioir.gal](http://www.soutomaioir.gal), como moi tarde, no prazo de 10 días hábiles unha vez rematada a inscrición.

### **10.- Forma de pago.**

O procedemento de pago de premios realizarase mediante solicitude despois de finalizada a Cabalgata presentando Instancia Xeral na sede electrónica do Concello de Soutomaioir <https://soutomaioir.sedelectronica.es/info.0>.

### **11.- Observacións importantes.**

As carrozas ou grupos compostas por persoas con diversidade funcional deberán indicalo na solicitude para que a comisión teña en conta esta circunstancia no momento de facer as valoracións.

A organización resérvase o dereito de non deixar desfilar e excluír a todas aquelas carrozas ou grupos que non cumpran algunha das condicións establecidas nestas Bases, que non respecten as normas de organización durante o seu desenvolvemento, que sexan de dubidosa interpretación, as que atenten contra a lexislación vixente ou as que resulten ofensivas e ataquen dereitos fundamentais das persoas. Esta decisión terá como consecuencia que non se lle abone a contía do premio correspondente.

Co obxecto de garantir a seguridade de participantes e público asistente, o persoal de organización quedan facultado para excluír da cabalgata ou facer as modificacións que se considere perigosas tendo en conta a valoración previa do percorrido e as características do mesmo.

As entidades participantes deberán respectar as indicacións que en calquera momento poida dar o persoal de organización do Concello durante o desfile da Cabalgata. En ningún caso as participantes quedan autorizadas a circular fóra do percorrido autorizado para a Cabalgata de Reis.

As carrozas ou grupos non poden portar publicidade de entidades que vendan alcol, que promovan o xogo de azar nin calquera outra que atente contra a infancia e os valores da Cabalgata.

### **12.- Uso da lingua galega.**

Segundo a Ordenanza Reguladora do uso do galego no Concello de Soutomaioir publicada no BOP n.º 23 do 4 de febreiro de 1999, o Concelio de Soutomaioir empregará o galego nas súas actuacións administrativas internas e nas relacións cos cidadáns e coas entidades públicas e privadas sitas en Galicia, en

consecuencia, nesta actividade as participantes utilizarán a lingua galega en todas as comunicacións co público e durante a execución da actividade.

Por outra banda, a linguaxe usada non será sexista, e será respectuosa con todas as persoas. Na medida do posible adaptarase a linguaxe ás persoas con diversidade funcional.

### **13.- Protección de datos.**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE SOUTOMAIOR, con enderezo en rúa Alexandre Bóveda 13, 36691 SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA).

Os datos serán utilizados para comunicarnos coas persoas gañadoras e para a xestión administrativa do procedemento. Os datos non se cederán a terceiros/as, agás por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a potabilidade dos mesmos en calquera momento. Para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [oficinas@soutomaior.gal](mailto:oficinas@soutomaior.gal)

### **14.- Aceptación de bases.**

A participación nesta cabalgata, implica a aceptación destas Bases integramente.

## ANEXO I

### DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Nome e apelidos:

NIE/DNI:

Correo electrónico de contacto:

Teléfono móbil de contacto:

### DATOS DA ENTIDADE (no caso de asociacións):

Nome da asociación/persoa representante da carroza ou grupo:

CIF/NIF:

Enderezo completo e código postal:

### EXPOÑO,

Que a persoa representante (física ou asociación) así como todos os/as membros que van a participar na Cabalgata de Reis 2025, organizada polo Concello de Soutomaior, somos coñecedores/as e aceptamos as Bases de participación desta convocatoria manifestando o noso desexo en participar nela.

### SOLICITO,

En representación do grupo ou asociación a participación na modalidade:

**a) Carrozas reais con grupo** (mínimo 15- máximo 40 persoas)

\_\_\_\_\_nº persoas participantes.

**b) Grupos sen carroza** (mínimo 15- máximo 40 persoas)

\_\_\_\_\_nº persoas participantes.

### Documentación a presentar:

- \_ Solicitude de inscrición cuberta (Anexo I).
- \_ Proxecto artístico (Anexo II carrozas reais – Anexo III grupos sen carroza).
- \_ Declaración responsable (Anexo IV).
- \_ Fotocopia do DNI persoa representante e, a maiores, no caso de asociación tamén CIF.
- \_ Certificado de conta bancaria da asociación ou persoa representante.
- \_ Certificado de exención de IVE (no caso de asociacións).
- \_ Calquera outra que acredite criterios de valoración.

**Asdo. Representante.**

## DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



## ANEXO II

### PROXECTO ARTÍSTICO DA CARROZA REAL CON GRUPO

#### 1.- Título da carroza:

#### 2.- Temática:

#### 3.- Número de persoas participantes durante o desfile da Cabalgata:

(indicar cantas persoas son maiores de idade e cantas son maiores de idade)

#### 4.- Motivación de participación:

#### 5.- Currículo da asociación en eventos similares:

#### 6.- Descrición da carroza e do grupo que a acompaña.

(elementos de construción, decoración, distribución de elementos e materiais, características, medidas, distribución de espazos para o trono ou espazo adiacado ao Rei e paxe, descrición das personaxes acompañantes que forman o grupo de animación da carroza, etcétera).

#### 7.- Deseño, debuxo ou fotografía da proposta de carroza e dos traxes a utilizar polas persoas que participen no desfile da Cabalgata.

#### 8.- Describir as medidas de seguridade, da plataforma e vehículo de

**tracción.**

**9.- Indicar datos sobre a iluminación e o equipo de son.**

**10.- Información adicional que se considere unha mellora a valorar prestando atención aos criterios de valoración especificados nas Bases.**

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

## ANEXO III

### PROXECTO ARTÍSTICO DO GRUPO SEN CARROZA

**1.- Título do grupo:**

**2.- Temática:**

**3.- Número de persoas participantes durante o desfile da Cabalgata:**

(indicar cantas persoas son maiores de idade e cantas son maiores de idade)

**4.- Motivación de participación:**

**5.- Currículo da asociación en eventos similares:**

**6.- Descrición do grupo.**

(descrición das personaxes de animación, complementos, debuxo ou fotografía da proposta dos traxes a utilizar polas persoas que que participen no desfile, etcétera).

**7.- Deseño, debuxo ou fotografía da proposta dos traxes a utilizar polas persoas que participen no desfile da Cabalgata.**

**8.- Información adicional que se considere unha mellora a valorar prestando atención aos criterios de valoración especificados nas Bases.**

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

## **ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE**

**Don/Dona ..... con  
DNI/NIF ..... e domicilio en  
.....  
como representante legal da asociación/grupo inscrito na Cabalgata  
de Reis do Concello de Soutomaíor, ano 2025 con nome.....**

### **DECLARO,**

1º Que todos os datos indicados na solicitude e anexos complementarios son certos.

2º Que a entidade/membros que participarán na Cabalgata atópanse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatal, autonómica, seguridade social e co Concello de Soutomaíor, que non persegue coa actividade finalidade lucrativa e conta con todos os seguros necesarios.

3º Que no caso de participar menores durante o desfile da Cabalgata asuminos o compromiso de contar coa autorización de pais/nais responsables destes menores.

### **DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

#### **Dilixencia:**

Para facer constar que as presentes bases que ocupan 12 páxinas, e que conteñen 14 cláusulas e 4 Anexos foron aprobadas por Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro de 2024.

A SECRETARIA

María Jesús Rodríguez Freire

Documento asinado electronicamente.